

Guía para matricularse nun curso de inglés na EOI da Coruña

Ás veces, resulta complicado entender a oferta educativa da EOI ou temos dúbidas do curso que mellor se axusta ás nosas necesidades. Redactamos esta guía co ánimo de poder aclarar dúas cuestións: **entender a nosa oferta (apartado A) e seleccionar un curso (apartado B)**. Para calquera dúbida, podedes contactar co departamento de inglés: eoι.corunha.ingles@edu.xunta.gal

A. ENTENDER A OFERTA EDUCATIVA

Tipos de curso na EOI:

1. **Cursos presenciais:** cursos que teñen 4 horas de clase presencial á semana (dous días de dúas horas).
2. **Cursos semi-presenciais:** combinan unha clase presencial semanal de dúas horas con traballo autónomo a través da aula virtual Moodle.
3. **Cursos a distancia (THE):** cursos do programa “That’s English !”: nestes cursos o alumno ten material para traballar de forma autónoma na casa e pode asistir a unha titoría presencial semanal para aclarar dúbidas e practicar sobre todo a destreza de expresión oral. O programa organízase en módulos e ao finalizar cada módulo hai un exame orientativo para o alumno para ver se acadou os obxectivos do módulo.
4. **Cursos FOR ou CAL:** destinados a profesores que traballan no sector público para a Xunta de Galicia.
5. **Cursos PUB:** cursos de destrezas para o público en xeral. Nestes cursos o alumnado aprende inglés dun xeito máis libre, sen estar suxeito a un programa nen ter que facer exames. Dentro desta modalidade ofertamos:
 - a) Os cursos PUB PCO son cursos nos que se practica sobre todo a Produción e Comprensión Oral (PCO). Duran 60 horas e constan dunha clase de dúas horas á semana.
 - b) Os cursos PUB XER veñen a ser un curso normal, sen exame ao final, no que se practican as 4 destrezas habituais (expresión e comprensión oral + expresión e comprensión escrita). Duran 120 horas e constan de dúas clases de dúas horas á semana.

Imos ver algúns exemplos da denominación destes cursos:

1. Cursos oficiais presenciais: Exemplo: IN-B2.1-4

Idioma	Nivel*	Nº do grupo
IN (inglés)	B2.1	4

* É importante lembrar que hai 8 niveis diferentes na EOI: A1, A2, B1, B2.1, B2.2, C1.1, C1.2, + C2. Podedes atopar tamén un curso A1-A2 no que se fan dous niveis (A1 + A2) nun ano. A1 é o nivel elemental e C2 é o nivel avanzado.

2. Cursos semi-presenciais. Exemplo: IN-B1-SEMI-1

Idioma	Nivel	Modalidad	Nº de grupo
IN (inglés)	B1	SEMI (= semipresencial)	1

3. Cursos a distancia co programa “That’s English!”. Exemplo: IN-B2.2-THE-MDB2.3-1

Idioma	Nivel	Modalidad	Módulo no que se matricula	Nº de grupo
IN (inglés)	B2.2	THE (a distancia)	MD B2.3	1

B. ¿QUÉ CURSO SE AXUSTA ÁS MIÑAS NECESIDADES?

Cursos presenciais	Cursos semi-presenciais (SEMI)	Cursos a distancia (THE)	Cursos de destrezas (PUB PCO/ XER)
Estes cursos están pensados para alumnos que queren aprender de xeito progresivo, necesitan rutina e aprenden mellor coa interacción en grupo.	Estes cursos están recomendados para persoas que teñen as axendas ocupadas ou dificultades de desprazamento á Escola Requiren un alto grado de autonomía para estudar de forma independente desde casa e unha boa capacidade para organizar o tempo de estudo.	Os cursos a distancia están recomendados para persoas que necesitan flexibilidade horaria e buscan obter certificados oficiais. Este método é fundamentalmente autodidacta. Os alumnos deben estudar pola súa conta a través da plataforma en liña, os libros e os materiais de audio e vídeo.	Os cursos de destrezas non son cursos ordinarios completos. Están recomendados para persoas que buscan mellorar o uso práctico do inglés de forma flexible, sen a presión dun exame final nin o obxectivo de obter unha certificación oficial.
O curso ten unha carga lectiva de 120 horas anuais. Inclúe dúas clases semanais de dúas horas presenciais. A metodoloxía das clases céntrase nun enfoque comunicativo e práctico. Trabállanse de forma equilibrada as cinco destrezas recollidas nas programacións didácticas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral, produción escrita e mediación Os cursos seguen polo xeral un manual que se debe mercar aparte.	O curso equivale á mesma carga lectiva total que os cursos presenciais (120 horas) pero na práctica o alumno necesita dedicarlle máis tempo. O curso ten nunha clase presencial semanal e materiais para practicar na casa na aula virtual Moodle. A parte presencial céntrase na expresión e mediación oral. A matrícula inclúe o material que se vai usar.	O curso ofrece o material para traballar na casa e unha titoría presencial (opcional) semanal na que o alumno poderá: - resolver dúbidas - traballar pronunciación - realizar actividades orais - e preparar as probas da EOI	Os cursos ofrecen unha ou dúas clases á semana e nelas practícase a expresión e comprensión oral (PCO) ou todas as destrezas en xeral (XER) dun xeito lúdico e ameno. Son unha boa opción para manterse en contacto co idioma e mellorar a competencia lingüística se non se ten necesidade dun título.
Recoméndase para alumnos que queiran contar coas explicacións e apoio regular dun profesor, fan o curso por primeira vez ou hai tempo que non estudan inglés.	Recoméndase para alumnos que: - se manexan minimamente co ordenador e sexan disciplinados co estudio - xa teñen coñecementos do nivel e que queiran revisar ou practicar os seus coñecementos para o exame - queren practicar especialmente a comprensión escrita e oral e a expresión escrita pola súa conta na plataforma Moodle.	Recoméndase para persoas que non teñan horarios compatibles cos cursos da oferta educativa presencial ou semi-presencial do centro ou coa autonomía suficiente para traballar individualmente. Tamén se recomenda para persoas que esgotaron as convocatorias da EOI e queiran superar unha proba de certificación.	Recoméndase para alumnos que non teñan necesidade de obter unha certificación e queiran sobre todo mellorar a súa competencia oral ou practicar e ampliar os coñecementos acadados noutros cursos oficiais. Ao rematar o curso, o alumno pode solicitar un certificado de aproveitamento das clases.
O obxectivo final do curso, ademáis de aprender inglés, é a superación dun exame final de: promoción (A1, B2.1, C1.1), para pasar ao seguinte curso, ou de certificación para certificar o nivel A2, B1, B2, C1 ou C2			Se o alumno quere presentarse a un exame de certificación, deberá matricularse aparte.